

COMO COMUNICAR CO ALUMNADO

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

O máis importante:

NON PREGUNTAR NUNCA “ENTENDESTES?”.
PREGUNTAR SEMPRE “CONSEGUÍN EXPLICARME?”

1. COMO NON COMUNICAR CO ALUMNADO:

O tipo de actitudes que rexeita o alumnado, según Ken Bain (*Lo que hacen los mejores profesores universitarios*, Valencia, PUV, 2004).

-ARROGANCIA:

Ridiculizar a persoas da clase.

Fanfarronear sobre os estudantes que suspenden a materia.

Impoñer esixencias crueis e arbitrarias.

Deixar claro o moito que sabe e o pouco que sabe o alumnado.

-CONTROL, DOMINACIÓN E DEMOSTRACIÓN DE PODER:

Pouca disposición a contestar preguntas.

Baterse en duelos intelectuais co alumnado.

Xuzgar aos estudantes.

-DESEXO DE SER A ESTRELA DO ESPECTÁCULO:

Intentar facer parecer estúpidos aos estudantes.

Exhibir brillantez a costa do alumnado.

Actuar como “sumos sacerdotes de misterios arcanos”.

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

-MOSTRAR SUPERIORIDADE SEN EXPLICAR NADA CON CLARIDADE:

Provocan sentir que posible mente só as persoas intelixentes poden comprender a materia, e que se non entendes o que o profesor di é porque o profesor é moito máis intelixente.

2. COMO COMUNICAR:

“O máis importante é que a nosa docencia debe comunicar que fixemos un investimento nos nosos estudantes e que facemos o que facemos porque nos importan como persoas e como estudantes”.

-REGLAS CLARAS:

Esixencias reducidas ao imprescindible.

Poden adaptarse ás necesidades individuais.

-CONFIANZA NO ALUMNADO:

Creer firmemente que os estudantes desexan aprender e que, mentres non se demostre o contrario, poden aprender.

Ter grandes expectativas. Convicción de que alumnado e profesorado fará algo grande xuntos.

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

“Mentres algúns profesores parecían limitados á hora de elixir os seus instrumentos pedagóxicos pola preocupación de que un estudante puidera enganar ao sistema, aos moi efectivos non lles preocupaba en absoluto esa posibilidade e facían o que pensaban que podía beneficiar á aprendizaxe”.

“Os profesores con éxito exhibían confianza porque era parte integral das súas actitudes e concepcións, e o que pensaban dos seus estudantes iluminaba todos e cada un dos encontros que tiñan con eles”.

-COMPARTIR SECRETOS SOBRE A APRENDIZAXE, TÉCNICAS PARA RECORDAR, ANALOXÍAS DA MENTE PARA CONSTRUIR A PROPIA COMPRENSIÓN:

Nunca é un alarde de batallas pasadas.

“O feito de escoitar á miña profesora contarme o difícil que lle resultou a química por primeira vez deume a confianza que necesitaba para aprendela. Eu pensaba que esa xente xa nacera con todos eses coñecementos. E así é como actúan moitos deles”.

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

-ATMÓSFERA INTERACTIVA:

Foméntase que o alumnado faga preguntas.

Discútese con liberdade variados puntos de vista.

Apréndese das percepcións colectivas que os demais estudantes traen á aula.

Todo o mundo ten algo especial que ofrecer, unha perspectiva orixinal.

-SENTIDO DE RESPECTO E CURIOSIDADE POLA VIDA QUE SE TRASLADABA ÁS RELACIÓNS PERSOAIS:

Humildade sobre si mesmos e sobre a propia aprendizaxe.

Ser consciente do que se sabe e recoñecer o que non se sabe.

Recoñecer ante o alumnado o esforzo que supuxo adquirir determinados coñecementos.

Considerarse a si mesmos “estudantes da vida”.

Falar frecuentemente da viaxe que se emprende cos estudantes en busca dun maior entendemento.

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

Apreciar un vínculo entre os docentes e o estudiantado nas contendas da humanidade por coñecer calquera cousa.

“Tes que estar confuso antes de que poidas acadar un novo nivel de comprensión sobre calquera cousa”.

-COMUNICAN “CIENCIA AUTÉNTICA”:

Non ofrecen aos estudantes un corpo de coñecementos conxelados que deben ser memorizados e vomitados.

A ciencia auténtica espera diante da natureza e intenta e volve intentar outra vez comprendela.

“Se os científicos conseguen progresar fano porque a natureza non cambia e nós perseveramos. Non é porque sexamos especialmente intelixentes, se non porque somos testarudos”.

Son compañeiros de estudo do alumnado, loitando cos misterios do universo, da sociedade, da historia, da cultura...

Atopas afinidades cos seus estudantes na súa propia ignorancia e curiosidade, no amor pola vida e a beleza, no respecto polo mundo e a condición humana.

Comunicación eficaz docente

José Manuel Dopazo Mella. IES Maruxa Mallo. Ordes. jm_dopazo@yahoo.es
CFR Ferrol. Febreiro de 2025.

-CANDO SE PERDA A PACIENCIA E CHEGA A FRUSTRACIÓN...

Non se poñen á defensiva.

Enfróntanse ás deficiencias do seu traballo.

Aumentan a comunicación co alumnado tanto na clase como fóra dela.